

CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DEPORTIVA (2º BACHARELATO)

Esta materia consta dunha carga lectiva dunha hora semanal, e destínase a aqueles alumnos que lles gusta o deporte e queren facer estudos relacionados ca Educación Física, medicina, fisioterapia, etc., ademais doutros que pretendan mellorar a súa forma física e rendemento motor a o longo deste curso.

Por outra banda, pretendemos dotar aos alumnos coas ferramentas e habilidades necesarias para abordar con garantías calquera tipo de proba física que puideran ter que realizar para a súa admisión en estudos universitarios ou de formación profesional, en corpos de seguridade do estado, ou en outros ámbitos profesionais (por exemplo, bombeiro).

Intentaremos abordar todos estes contidos baixo un clima lúdico para que ao mesmo tempo instrúea aos alumnos e por outro aporte todos os beneficios que a práctica físico-deportiva ten nun curso tan esixente academicamente como este.